

Do dito ao feito: o difícil traxecto dos dereitos humanos

Yolanda Román

A loita pola liberdade e o recoñecemento dos dereitos do ser humano é case tan antiga como a humanidade e constitúe a columna vertebral da historia moderna. Dende esta perspectiva, a defensa dos dereitos humanos é unha historia de avances e logros ao longo dos séculos, conquistando os seus maiores éxitos na segunda metade do século XX, no marco do chamado proceso de internacionalización dos dereitos humanos.

A proclamación, coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos en 1948, da dignidade intrínseca de *todos* os seres humanos e a enunciación dos seus dereitos inalienables, constitúe o feito máis importante dese devir e unha das *creacións* máis destacadas do ser humano. A partir dese recoñecemento, fôronse desenvolvendo as normas e os mecanismos necesarios para tratar de impedir as violacións deses dereitos e de garantir a súa observancia, conformando o actual dereito internacional dos dereitos humanos.

Hoxe, os dereitos humanos representan o sistema de valores máis universalmente aceptado e o horizonte ético da humanidade⁽¹⁾. Nunca antes os dereitos humanos ocuparon un lugar tan relevante nas axendas políticas nacionais e internacionais; nunca antes ata agora habíanse coñecido e denunciado as violacións máis graves e sistemáticas dos dereitos humanos con tanta precisión, rapidez e alcance.

Con todo, neste momento é cando con máis insistencia semella impoñerse esta pregunta: son os dereitos humanos unha realidade? Para respondela, faremos unha breve análise do estado dos dereitos humanos no mundo, destacando algunhas das principais negacións e obstáculos aos que se enfrontan. Dese análise, desprenderase outra pregunta, aínda máis inquietante: estamos asistindo non xa un estancamento senón un retroceso na evolución do recoñecemento e garantía dos dereitos humanos?

As catro fases históricas

O proceso histórico de evolución dos dereitos humanos realizouse en catro fases: positivación, xeneralización, internacionalización e especificación. Cabería esperar unha quinta fase de cumprimento pleno, pero tras varias décadas de especta-

(1) GOMEZ ISA, Felipe (director): *La protección Internacional de los derechos humanos en los albores del siglo XXI*, Universidad de Deusto, Bilbao, 2003.

cular desenvolvemento normativo, os dereitos humanos enfróntanse hoxe a importantes negacións, ameazas, obstáculos e tendencias negativas, entre as que destacan os conflitos bélicos, a pobreza extrema, os ataques dos grupos armados ou *terroristas*⁽²⁾ e a erosión de garantías no marco da chamada *guerra contra o terror*.

Unha das presuncións principais deste análise é que non existe seguridade sen dereitos humanos e non hai dereitos humanos sen seguridade. Fronte ás simplistas ou mal intencionadas doutrinas e políticas que pretenden enfrontar o binomio seguridade e dereitos fundamentais, reivindicamos os conceptos de seguridade humana e seguridade global, baseadas nunha comprensión e interpretación máis profunda e sistémica das causas subxacentes da inseguridade, a inestabilidade e os conflitos⁽³⁾ para as cales o respecto dos dereitos fundamentais é, ao mesmo tempo, indicador e garantía. Deste postulado podemos deternos nalgúns dos obstáculos para a realización efectiva dos dereitos humanos.

Conflitos armados

Aínda no 2005 reduciuse o número total de conflitos armados no mundo, consolidando unha pauta dos derradeiros anos. O informe *Alerta 2006*⁽⁴⁾, chama a atención sobre a persistencia de 21 conflitos armados ao longo dese ano, sendo África e Asia os continentes máis castigados polas guerras, caracterizadas case sempre por violacións graves e xerais dos dereitos humanos e o dereito internacional humanitario.

Matanzas de civís, homicidios ilexítimos, torturas e desaparicións, utilización de nenos soldados, violacións masivas de mulleres e nenos e desprazamentos forzados de poboación, son algunhas das atrocidades que caracterizan os conflitos armados do noso tempo. Dous dos exemplos máis dramáticos –e esquecidos– son os de Sudán e a República Democrática do Congo. Outras graves crises de dereitos humanos no marco dos conflitos armados perpetúanse ou empeoran en distintos puntos do planeta, como Colombia, Palestina, Chechenia ou Iraq.

Recentemente, nun artigo publicado nun periódico español, Kofi Annan facía un dos seus derradeiros chamamentos como secretario xeral da ONU á comunidade internacional, alertando sobre o empeoramento da crise de Darfur (Sudán) e apelando á responsabilidade de todos⁽⁵⁾. Ante unha nova escalada da violencia no

(2) Poñemos en cursiva as palabras *terrorismo* e *terrorista* por non existir unha definición clara do que se entende por unha cousa e pola outra, e estar estas palabras sometidas a un uso a miúdo cargado de subxectividade. Sobre os intentos errados no dereito internacional de definir o terrorismo, véxase SAUL, Ben: *Attempts to define "terrorism"* en *International Law, Netherlands International Law Review*, nº 57, 2005.

(3) ABBOTT, Chis e outros: *Respuestas Globales a amenazas globales. Seguridad sostenible para el siglo XXI*, Documento de trabajo, FRIDE, setembro de 2006.

(4) *Alerta! Informe sobre conflictos, derechos humanos y construcción de paz*, é un estudo que anualmente realiza a Unidad de Alerta da Escola de Pau da Universidade Autónoma de Barcelona. Sintetiza o estado do mundo ao rematar o ano a partir da análise de 36 indicadores.

(5) Artigo aparecido no xornal *El País*, o 26 de outubro de 2006.

país africano, Kofi Annan recordaba os case dous millóns de sudaneses desprazados, que dependen da axuda internacional para malvivir, e resucitaba unha vez máis o fantasma de Ruanda, onde en 1994 desatouse o horror anunciado sen que a comunidade internacional fixera un só movemento para evitalo.

Aínda a traxedia de Ruanda pesa como unha lousa na conciencia de moitos, incluído o propio Annan, pouco avanzouse dende entón para atopar fórmulas eficaces para impedir ou frear este tipo de situacións. O acordo sobre o controvertido principio do *deber de protección*, empeño persoal do aínda secretario xeral –ata fins de 2006– non deixa de ser unha fórmula baleira de contido, polo momento e, peor aínda, unha arma de dobre cara.

O conflito de Sudán non só constitúe o paradigma da negación máis directa e brutal dos dereitos humanos de millóns de persoas. Puxo de manifesto as dificultades e limitacións da comunidade internacional para actuar nestes casos. O Consello de Seguridade, un órgano obsoleto en canto ao seu compromiso e ineficaz exercicio das funcións que lle atribúe a Carta das Nacións Unidas, non foi capaz de adoptar medidas adecuadas para, polo menos, paliar as consecuencias dun conflito que asola o oeste de Sudán e poñer fin aos abusos do goberno de Khartún e os seus aliados, as milicias *yanyawid*, atrofiado durante demasiado tempo polos distintos intereses (China e Rusia) e o desinterese (USA) dos seus membros.

Todo isto pon de releve a necesidade de acometer dunha vez por todas a reclamada reforma dese órgano, pero tamén a necesidade de aceptar e afondar nas outras causas da inseguridade e dos conflitos –o comercio descontrolado das armas convencionais, o analfabetismo ou a discriminación e a falta de empoderamento das mulleres en moitas rexións do mundo, entre outras, e a súa interrelación, buscando solucións máis globais, sistémicas e de futuro.

Pobreza

Na opinión de Amnistía Internacional, organización de referencia na defensa mundial dos dereitos humanos, a persistencia da pobreza constitúe hoxe por hoxe o atentado máis grave contra os dereitos humanos e a principal ameaza para a seguridade colectiva⁽⁶⁾. Máis de mil millóns de persoas non dispoñen da auga potable e viven con menos dun dólar ao día, máis de oitocentos millóns sofren desnutrición crónica, máis de tres millóns morren cada ano de SIDA e once millóns de nenos morren anualmente antes de alcanzar os cinco anos⁽⁷⁾.

Esta realidade non só constitúe a negación dos dereitos máis básicos de millóns de homes, mulleres e nenos. Encerra en si mesma outras ameazas e obstáculos para a realización dos dereitos humanos. Quen pode negar que algunhas das prácticas aborreci-

(6) Amnistía Internacional, *Informe Anual 2005*, en <http://www.amnesty.org/>.

(7) Nacións Unidas: *Un concepto máis amplo de liberdade, desenvolvemento, seguridade e dereitos humanos para todos*, A/59/2005, 21 de marzo de 2005.

bles que ensombrecen o panorama dos dereitos humanos atopan explicación a súa persistencia, entre outros factores, nas situacións de pobreza que lles serven de pano de fondo: dous millóns de nenas viven expostas á mutilación xenital feminina e trescentos mil nenos e nenas son utilizados como escravos soldados en todo o mundo⁽⁸⁾.

Nun cruel círculo vicioso, a pobreza, a exclusión e a marxinação privan ás persoas das condicións necesarias para poder gozar efectivamente *doutros* dereitos como a liberdade de expresión ou o acceso a un xuízo xusto. Os pobres son máis vulnerables ante os abusos e arbitrariedades do poder, non só do Estado senón tamén de poderosos axentes non estatais, como grandes empresas multinacionais, grupos armados ou bandas criminais internacionais.

Por outra banda, a pobreza é o campo de cultivo para a proliferación de doutrinas radicalizadas e de grupos armados.

Ataques de grupos armados

Os ataques de grupos armados –máis ou menos organizados e con ideoloxías máis ou menos definidas– que matan, secuestran e oprimen aos civís indefensos, constitúen hoxe unha seria ameaza para os dereitos humanos e a seguridade colectiva.

Na mente de todos están os atentados múltiples de Nova York, Madrid e Londres, pero do menosprezo que amosan estes grupos pola vida humana dan conta, case a diario, os ataques contra a poboación desarmada en Iraq, por citar uno dos exemplos máis desconcertantes.

Non nos estamos referindo só ao chamado *terrorismo internacional* ou *integrata*, tan difícil de definir como de identificar⁽⁹⁾, entran neste apartado todos os ataques deliberados, desproporcionados ou sistemáticos contra a vida, a liberdade e a integridade dos civís, cometidos por axentes non estatais organizados e armados, que actúan cunha finalidade política ou pública, con independencia de que os seus actos se enmarquen ou non nun contexto bélico ou loita armada. Desde as supostas células de al-Qaida, pasando polos paramilitares colombianos ou a guerrilla de Hisbolá, entre outros. Todos eles están contribuíndo á negación universal dos dereitos humanos.

A guerra contra o terror e o recorte de liberdades

Pero talvez o ataque máis perturbador contra o sistema de valores común provén na actualidade, das democracias máis antigas, no marco ou coa escusa da cruzada de Estados Unidos e os seus aliados contra o *terrorismo internacional*. As políticas e medidas *antiterroristas* postas en práctica polos gobernos de Estados Unidos

(8) Amnistía Internacional, *Informe Anual 2006*, El estado de los derechos humanos en el mundo en cifras, en <http://www.amnesty.org/>.

(9) SAUL, Ben: *Defining "terrorism" to protect human rights*, Documento de Trabajo, FRIDE, febreiro de 2006.

e o Reino Unido, principalmente, traducíronse en graves violacións do Dereito Internacional dos dereitos humanos.

Estas violacións dos dereitos humanos foron acompañadas dun intento por redefinir e reinterpretar as normas que as prohiben. Lonxe de render contas polos abusos cometidos, os gobernos estadounidense e británico proclaman que as *reglas do xogo* xa non serven e que non se senten vencellados a elas⁽¹⁰⁾.

Ademais de sumir ao país no caos, a ocupación de Iraq polas forzas da coalición internacional liderada por Estados Unidos, serviu para recordar e ilustrar ao mundo o significado da palabra *tortura*. As fotos da prisión iraquí de Abu Graib deron a volta ao mundo, confirmando o que moitos sospeitaban e algúns viñan denunciando desde moito antes.

A base militar de Guantánamo converteuse no símbolo das violacións dos dereitos humanos do noso tempo. Máis de 750 persoas de 35 países diferentes, permanecen encerradas alí –algunhas desde fai máis de cinco anos– en condicións que constitúen trato inhumano e degradante, así como despoixadas de dereitos básicos de críamos consolidados, ao menos nos países máis desenvolvidos: o dereito a non ser detido arbitrariamente, o dereito ao *habeas corpus* e o dereitos a un xuízo xusto, entre outros.

Atónitos asistimos ao debate político e parlamentario nese país sobre a tortura. Recentemente, o vicepresidente Dick Cheney mantíña que a técnica de somerxer repetidamente a cabeza dun detido na auga ata case afogarlle (*waterboarding*) é unha técnica perfectamente aceptable se serve para salvar vidas e recoñecía que é unha *ferramenta útil*, utilizada en moitos interrogatorios. Na súa opinión, esa técnica non pode considerarse como un trato cruel nin inhumano. Acertadamente e con ironía, desde a organización americana Human Rights Watch, concluíron o seguinte: “Cheney está dicindo que se Irán e Siria deteñen a un americano, sería totalmente correcto que sumerxisen en auga a cabeza dese americano ata case afogarlle, se consideran que é o que deben facer para salvar vidas iranianas e sirias”⁽¹¹⁾.

No Reino Unido, as políticas e as leis *antiterroristas* promovidas polo goberno de Tony Blair foron duramente criticadas por varios organismos internacionais, as organizacións de dereitos humanos e polo propio Comité de Dereitos Humanos do parlamento británico⁽¹²⁾, por ser contrarias ao Dereito Internacional e por supoñer a erosión do poder xudicial. A lei para a prevención do terrorismo de 2005 confire ao goberno británico poderes sen precedentes para ditar ordes de privación de liberdade, movemento e actividade sobre persoas sospeitosas de realizar calquera actividade relacionada co *terrorismo*. As *control orders* poder estar baseadas en información da intelixencia secreta que o goberno non ten obrigação de desvelar.

(10) O 5 de agosto de 2005, en referencia aos atentados con bomba perpetrados en Londres en xullo dese mesmo ano, o primeiro ministro británico, Tony Blair, advertiu: “Que non haxa dúbidas. As regras do xogo están a mudar”.

(11) Disponible en <http://www.hrw.org/>.

(12) Joint Committee on Human Rights: *The UN Convention Against Torture (UNCAT)*, HL Paper 185-1, HC 701-1, de 26 de maio de 2006.

Pero é a batalla legal do goberno británico para conseguir que os tribunais do Reino Unido admitisen probas obtidas baixo tortura, sempre e cando esta non houbera sido practicada por axentes británicos, a mostra máis elocuente da hipocrisía e a tendencia retrógrada que pretende impoñerse nunha das democracias máis antigas do mundo. Afortunadamente, nesa ocasión os xuíces lores británicos frearon tal despropósito.

Outras violacións dos dereitos humanos derivadas da guerra contra o terror son as entregas extraordinarias e os traslados ilegais de detidos –os famosos voos da CIA–, as desaparicións forzosas –o propio presidente George W. Bush recoñeceu a existencia de centros secretos de detención en distintos lugares do mundo– e a controvertida aceptación de *garantías democráticas* para devolver sospeitosos de *terrorismo* a países nos que se corre o risco de sufrir torturas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes, en violación do principio de *non refoulement*. Varios países da Unión Europea participaron ou foron cómplices –por acción ou omisión– destas prácticas, desde Suecia ata Italia.

Non só se trata dunha serie de arbitrariedades, abusos ou atopelos de distintos Estados. Asistimos nos derradeiros anos ao auxe dunha doutrina política que pretende, precisamente, a revisión das normas do dereito internacional dos dereitos humanos e dos principios sobre os que se asentan. De acordo con esa doutrina, tenderíamos que aceptar, se non queremos ser vulnerables ante o *inimigo* –ou ser considerados o *inimigo*– que non se podan recoñecer os mesmos dereitos a todas as persoas e que debemos estar dispostos ao sacrificio de parte dos dereitos fundamentais individuais, desde a integridade física ata a intimidade, pasando pola liberdade de expresión, cando a seguridade colectiva o requira. A trampa está en non explicar que se entende por seguridade colectiva.

As consecuencias de todo isto son enormes. Ao calor das políticas antiterroristas estadounidense e británica e de alianza conxunturais, xerouse un novo clima de permisividade. Gobernos abusivos de todo o mundo promulgaron leis que restrinxen aínda máis os dereitos dos cidadáns e que serven para perseguir, silenciar ou eliminar calquera disidencia política ou minoría molesta, como púidose comprobar en Rusia, China, India ou Uzbekistán.

Os países occidentais perderon a pouca lexitimidade que tiñan para esixir o respecto dos dereitos humanos a algúns dos gobernos máis represivos do planeta, como Irán ou Corea do Norte, xa sexa porque eles mesmos demostraron o seu desprezo polas normas internacionais de dereitos humanos ou porque calaron ante os abusos dos máis poderosos –é o caso dos países da Unión Europea.

Que dicir do auxe do racismo e a xenofobia, ou da lenta pero inexorable erosión do dereito de asilo, pilar fundamental dos dereitos humanos e da solidariedade internacional. Alertouse tamén de que a *guerra contra o terrorismo* está acaparando, de maneira desproporcionada, a atención, os recursos e a acción internacional, desviándoa doutros problemas globais como a inmigración ilegal ou a extensión da pandemia da SIDA e impedindo que se avance, de maneira concertada, na conse-

cución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, co que os países da comunidade internacional comprometéronse a reducir á metade a pobreza e a fame e a lograr a ensinanza primaria universal antes do 2015.

Polo demais, todo indica que lonxe de acabar coa ameaza dos ataques de grupos armados, a chamada *guerra contra o terror* está servindo para avivala.

Unha responsabilidade compartida

É evidente a relación destas ameazas e obstáculos á realización dos dereitos humanos, que se alimentan mutuamente e que habería que completar coa explicación doutros factores, como as regras do comercio internacional, as transferencias irresponsables de armas convencionais, os abusos de grandes multinacionais, o crime organizado ou a degradación do medio, que son tamén causas da palpable inseguridade mundial.

Nisto fai fincapé o informe *Un mundo máis seguro* do Grupo de Alto Nivel da ONU sobre as ameazas, os desafíos e o cambio⁽¹³⁾. Nese informe recóllense algúns exemplos sinxelos desta interrelación: a integración da economía global supón que un ataque terrorista de gran envergadura no mundo desenvolvido terá consecuencias devastadoras para o benestar de millóns de persoas no mundo en desenvolvemento. O Banco Mundial calcula que os ataques do 11 de setembro de 2001 aumentaron en dez millóns a cifra de persoas que viven na pobreza. Dun xeito similar, a seguridade do Estado máis poderoso pode quedar a mercé da capacidade do Estado máis pobre para frear a propagación dunha enfermidade infecciosa.

É difícil de crer que as tendencias que marcan actualmente os gobernos dos países máis poderosos do mundo respondan só á torpeza, á estreiteza de miras ou á obcecación dos seus líderes. Temamos o peor, que se trate realmente dunha maneira de entender o mundo, en cuxo deseño o actual armazón social e xurídico dos dereitos humanos non encallaría e sería preciso revisalo, crendo talvez que unha vez matizado o alcance dos dereitos civís e políticos, resultará moito máis sinxelo renunciar á *fantasía* dos dereitos económicos, sociais e culturais. O triunfo destas visións suporía un retroceso sen parangón non só na historia dos dereitos humanos senón na historia da humanidade.

Sombrío panorama. Así e todo, moitas forzas contrarias a estas tendencias manteñen a tensión necesaria para crear as condicións que permitan seguir avanzando na defensa dos dereitos humanos. Algunhas decisións xudiciais de carácter nacional están poñendo o contrapunto ás tendencias que queren impoñer os gobernos. Aínda está por ver o alcance do labor da Corte Penal Internacional que, a pesar dos obstáculos e a escasa colaboración dos Estados, continúa as súas investigacións na

(13) Nacións Unidas: *A more secure world: our shared responsibility*, Report of the High-Level Panel on Threats, Challenges and Change, A/59/565, 2 de decembro de 2004.

República Democrática do Congo, Sudán e Uganda, e asiste ao Tribunal Especial de Serra Leoa.

A reforma das Nacións Unidas vaise acometendo pouco a pouco. Un novo Consello de Dereitos Humanos substituíu á vella e desacreditada Comisión. Aínda non falta quen non considera isto un logro, o certo é que o novo órgano ten máis competencias que a antiga Comisión, unha composición moito máis equilibrada e integradora e unha regras de funcionamento máis esixentes e máis acordes cos tempos. Por primeira vez, os propios membros do órgano someteranse ao escrutinio e deberán render contas dos seus avances en materia de dereitos humanos, mediante o mecanismo do exame periódico universal.

Que o novo órgano saíse á luz ao ser aprobado por unha abafadora maioría, a pesar das presións e manobras do goberno dos Estados Unidos, é unha mostra do empeño de moitos países do mundo por seguir defendendo o sistema de valores dos dereitos humanos. Ademais, a vella organización parece recuperarse do acurrunchamento ao que foi condenada polo unilateralismo de Estados Unidos nos derradeiros anos. Recobrou o protagonismo na recente crise entre Israel e o Líbano e saíu reforzada, demostrando a importancia dun multilateralismo máis eficaz.

Malia os intentos de reinterpretación a prohibición absoluta da tortura por parte dalgúns gobernos, o Protocolo Facultativo á Convención contra a Tortura das Nacións Unidas entrou en vigor o pasado mes de xuño, ao ser ratificado por vinte países. O Protocolo establece varios mecanismos de prevención da tortura e das penas de tratos crueis, inhumanos e degradantes baseados en sistemas de visitas periódicas a centros de detención e espérase que os novos países o ratifiquen nos próximos meses.

Novos instrumentos xurídicos para a protección dos dereitos humanos deberán aprobar antes de que finalice o ano, como a *Convención para a Protección contra a Desaparición Forzada*, a *Declaración sobre os Dereitos dos Pobos Indixenas* ou a *Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade*. Expertos dos diferentes países seguen traballando sobre a mellor maneira de completar o pacto Internacional de dereitos económicos, sociais e culturais, e establecer a a obrigatoriedade de todos eles.

Isto é tamén o resultado do labor de numerosas organizacións e dos defensores individuais dos dereitos humanos no mundo –avogados, xornalistas, sindicalistas, médicos, profesores– que non só son a voz das vítimas das violacións de dereitos humanos, senón tamén a de millóns de cidadáns de todo o mundo que non son diferentes aos abusos, que non renuncian a ese horizonte ético e que esixen cambios e responsabilidades. A capacidade de mobilización das organizacións que conforman o movemento internacional dos dereitos humanos non poder ser desdeñada.

Como dixéramos ao principio, a loita pola liberdade é consubstancial ao ser humano. En palabras de Norberto Bobbio, non existe unha liberdade perdida para sempre nin unha liberdade conquistada para sempre: a historia é unha enramada de liberdade e opresión, de novas liberdades ás que contestan novas opresións e vice-

versa. Esta dialéctica baséase no principio da dignidade das persoas, aquilo que un percibe e que lle entra polos ollos, as palabras e os silencios das vítimas de violacións de dereitos humanos. Basta con sacudir o medo ou a desesperanza para recoñecer nun mesmo e noutro esa dignidade e sentir a necesidade de defendela.

A pesar dos ataques e retrocesos momentáneos, debemos seguir defendéndo-a para seguir avanzando. Os Estados responsables terán que estar á altura deste desafío, apostando polo multilateralismo, o desenvolvemento e a seguridade global, con discursos firmes e reformas ambiciosas, integradoras e correctoras da desigualdade en todos os ámbitos; non necesariamente espectaculares, pero de longo alcance. O relevo dos actuais dirixentes das nacións máis influentes do mundo favorecerá o cambio. Sería desexable que o próximo secretario xeral das Nacións Unidas, o discreto Ban Ki Moon, dese continuidade ao labor do seu predecesor, dando mostrar de capacidade de liderado ético desde o principio, ademais da súa proclamada capacidade de mediación. E non estaría de máis que a Unión Europea espertara do seu letargo e recordase os valores sobre os que se asenta.

Yolanda Román é especialista en dereitos humanos.